



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE
SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA), Nº 7/2015 (MANDATO 2015-
2019), DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO, CELEBRADA O 23 DE
NOVEMBRO DE 2015.**

Salceda de Caselas, 23 de novembro de 2015

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

Concelleiros/as

Grupo municipal do Partido Popular

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)



Grupo municipal de Movimento Salceda

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS)

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE)



Interventora do Concello

NON ASISTE

Secretario do Concello

Carlos López Quintáns



HORA DE INICIO: 09:05

HORA DE REMATE: 09:37

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 09:05 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto nº 450/2015 de 19 de novembro de 2015 e motivada a celebración do Pleno extraordinario no cumprimento do disposto no artigo 26 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, reúnense en sesión extraordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- Sorteo de membros das mesas electorais para as eleccións xerais a celebrar o 20 de decembro de 2015. Este punto non será obxecto de resolución.

INICIO DA SESIÓN

O sr. Alcalde, Besada Pérez, explica como se realizará o sorteo; axustándose o mesmo ao disposto no escrito emitido o 19 de novembro de 2015 polo Secretario Municipal, que consta no expediente da sesión e que se transcribe de seguido:

"NOTA EXPLICATIVA DE SECRETARÍA SOBRE O SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIAS QUE ACTUARÁN NAS ELECCIÓNNS XERAIS A CELEBRAR O 20 DE DECEMBRO DE 2015.

Por Real Decreto 977/2015, de 26 de octubre, de disolución del Congreso de los Diputados y del Senado y de convocatoria de elecciones (BOE nº 257 de 27 de outubro) dispúxose a convocatoria de eleccións para o Congreso e Senado, a celebrar o día 20 de decembro de 2015.

A Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, establece no seu artigo 26.1 que a formación das mesas compete aos Concellos, baixo supervisión das Xuntas Electorais de zona.



En canto ó órgano competente, por Acordo 9/02/00 da Xunta Electoral Central, estableceuse que "a designación dos membros das Mesas Electorais corresponde aos Concellos en Pleno, en sorteio público, que haberá de celebrarse baixo a supervisión da Xunta Electoral de Zona."

Por Acordo 15/2/00 da Xunta Electoral Central estableceuse que tratándose dun sorteio, e non dunha deliberación ou adopción de libre acordo polo Pleno do Concello, non resulta condición imprescindible a existencia de quórum legalmente establecido

O artigo 26 da LOREG sinala o seguinte nos apartados 2, 3 e 4:

"2. O Presidente e os vogais de cada Mesa son designados por sorteio público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saibam ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días. O Presidente deberá ter o título de Bacharel ou o de Formación Profesional de segundo Grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

3. Procédese da mesma forma ao nomeamiento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa.

4. Os sorteos arriba mencionados realizaranse entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria."

Para levar a cabo o sorteio, un concelleiro de cada grupo político xunto co Secretario da Corporación, desprazarase ás dependencias municipais onde se atopan os sistemas informáticos cos arquivos do censo electoral e o programa da Oficina do Censo Electoral para a realización do sorteio para a designación dos/as membros das mesas que actuarán nas eleccións a celebrar o día 20 de decembro de 2015. Realizaranse tres sorteos, aos efectos de prever a posibilidade de substitucións pola eventual aceptación de excusas presentadas ante a Xunta Electoral de Zona, e para evitar a necesidade de celebrar novas sesións plenarias ao efecto.

Unha vez obtido o resultado do sorteio, o Señor Alcalde dará leitura da listaxe das persoas designadas só no primeiro sorteio para formar parte de cada unha das mesas. Plasmarase na acta o resultado dos outros dous sorteos celebrados aos efectos da designación de substitutos/as. Os presidentes e vogais que resulten dos sorteos, en caso de que fagan alegacións e non asistan, serán substituídos polos presidentes e vogais equivalentes a esa mesa e na mesma orde, da 2ª lista do sorteio, e en último caso da 3ª lista do sorteio; manténdose inalteradas as demais posicións da primeira lista do sorteio.

A continuación sendo as 09:09 horas o sr. **Besada Pérez** proclama un receso no desenvolvemento da sesión plenaria e desprázanse ás dependencias municipais (Rexistro) onde se atopan os sistemas informáticos cos arquivos do censo electoral e o programa da Oficina do Censo Electoral para a realización do sorteio para a designación dos/as membros das mesas; o Secretario, as señoras concelleiras Válcarcel Bernárdez (Grupo Municipal Popular) e Tourón Domínguez (Grupo Municipal do PsdeG-PSOE) e o sr. Concelleiro González Rodríguez (Grupo Municipal de Movemento Salceda). Unha vez celebrado o sorteio retornan ao Salón de Plenos sendo as 09:27 horas, distribuíndo o sr. Secretario entre cada un dos grupos municipais unha copia dos resultados do primeiro, segundo e terceiro sorteio.



De seguido, o sr. **Besada Pérez** dá lectura das persoas que resultaron elixidas no primeiro sorteо. Os resultados dos tres sorteos efectuados son dilixenciados polo sr. Secretario, non incorporándose ao contido desta acta pero pasando a formar parte do expediente deste sorteо.

Non habendo máis temas que tratar, ás nove horas e trinta e sete minutos da noite, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de catro páxinas numeradas do un ao catro, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Marcos David Besada Pérez

O SECRETARIO DO CONCELLO

Carlos López Quintáns

